

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE CURTIS”

**EXPEDIENTE:** 2024/C003/000006

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

### ANTECEDENTES

- Proxecto denominado “REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA USOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE CURTIS”, asinado o 23/05/2024, polo arquitecto Alfredo Varela Nogueira, cun orzamento total, IVE incluído, de 682.643,52 €
- Informe técnico urbanístico asinado o 03/06/2024
- Decreto da Alcaldía nº 311 de 04/06/2024 polo que se aproba o antedito proxecto
- Acta de replanteo previo de asinada o 07/06/2024
- Providencia-memoria da Alcaldía, de data 05/07/2024 motivando a necesidade deste contrato e ordenando a realización das actuacións precisas para iniciar o correspondente procedemento de contratación
- Certificado da existencia de crédito asinado pola secretaria-interventora o 05/07/2024
- Informes xurídico e de fiscalización emitido pola secretaria-interventora o 05/07/2024
- Decreto n.º 377, do 05/07/2024, polo que se incoa expediente de contratación
- Publicación dun anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 05/07/2024
- Presentación no prazo establecido de ofertas pola seguinte empresa:
  - OBRAS GALLAECIA SL
- Reunión da mesa de contratación celebrada o 29/07/2024:

Procédese ao descifrado e apertura dos sobres B, que conteñen a declaración responsable e as referencias técnicas.  
Realízase a cualificación da documentación administrativa resultando correcta a da empresa que concorre á licitación  
A mesa acorda que valore a oferta técnica o arquitecto municipal, Pablo Villaverde Liñares e o redactor do proxecto, Alfredo Varela Nogueira.
- Reunión da mesa de contratación celebrada o 13/08/2024:
  - A Mesa, por unanimidade dos seus membros, acepta o informe emitido o 07/08/2024 polo arquitecto técnico municipal, Pablo Villaverde Liñares, e o arquitecto Alfredo Varela Nogueira, e ACORDA realizar, conforme ao mesmo, a seguinte valoración do sobre B:

PROGRAMA DE TRABAJO (Máx 25 pts)	
OBRAS GALLAECIA, SL	16,00

Posto que todas a empresa supera a puntuación mínima do 50 % dos puntos asignados na fase 1 esixida no anexo IV do PCAP, continúa no procedemento de licitación

- Procédese á apertura do sobre C e a súa posterior valoración co seguinte resultado:

	OFERTA ECONÓMICA (Tipo de licitación: 682.643,52 €) (Máx 5 pts)			INCREMENTO DO PRAZO DE GARANTÍA (Máx 70 pts)		TOTAL
	Oferta	Presunción anormalida de	Puntuación	Anos totais	Puntuación	
OBRAS GALLAECIA, SL	681.924,13 €	Non	0,16	5	70,00	70,16

- Compróbase no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa OBRAS GALLAECIA, SL está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, que ostenta a clasificación no grupo K subgrupo 7 categoría 4 que acredita a súa solvencia e que, segundo o disposto no ROLECE, non existen prohibicións vixentes para contratar.

Consta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade autónoma de Galicia que a empresa está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social

- A Mesa, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**
  - Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa OBRAS GALLAECIA, SL
  - Requireir á dita empresa para que nun prazo de 7 días hábiles, a contar desde o envío do correspondente requirimento, presente o documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe do prezo final do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido, e a documentación sinalada na cláusula 16.1.11, por calquera dos medios a que se refire o art. 108 LCSP (cláusula 16.1.1 do PCAP)
- Logo do correspondente requirimento (RS nº 20240000001380, do 14/08/2024) a empresa OBRAS GALLAECIA, SL presenta (RE nº 202499900000865, do 23/08/2024) a documentación esixida para a adxudicación do contrato
- Informe do secretario-interventor accidental de data 23/08/2024

#### FUNDAMENTOS LEGAIS

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, en canto non se opoña á Lei 9/2017
- RD 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, en canto non se opoña á Lei 9/2017

No uso das atribucións que me outorga a Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, **RESOLVO:**

1. Adxudicar a contratación da obra denominada “Rehabilitación e ampliación de edificio para usos públicos no

Concello de Curtis”, á empresa OBRAS GALLAECIA, SL por un importe de 681.294,13 €, IVE incluído (importe de adjudicación sen IVE: 563.573,66 €).

2. Requirir á empresa adjudicataria para que formalice o contrato nun prazo non superior aos quince días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación da adjudicación.
3. Nomear director de obra e responsable do contrato, aos efectos previstos no artigo 62.2 da LCSP, ao arquitecto Alfredo Varela Nogueira e coordinador de seguridade e saúde, ao enxeñeiro de camiños, Manuel Ángel Pisos Veiga.
4. Notificar o presente acordo ós licitadores, ao director de obra e ao coordinador de seguridade e saúde e ordenar a súa publicación no perfil do contratante.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Dou fe, o secretario-interventor accidental

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Óscar López Figueroa